

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

19826 REAL DECRETO 1979/2008, do 28 de novembro, polo que se regula a edición electrónica do «Boletín Oficial del Registro Mercantil». («BOE» 295, do 8-12-2008.)

Desde a entrada en vigor da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, quedou recoñecido en sede legal o dereito dos cidadáns a relacionarse coas administracións públicas por medios electrónicos. Así, desde o primeiro artigo da citada lei, establécese a garantía deste dereito impondo ás administracións o uso de tecnoloxías da información non só no desempeño das súas funcións e nas súas relacións internas, senón tamén nas súas relacións cos cidadáns, ofrecendo condicións satisfactorias de dispoñibilidade, acceso, integridade, autenticidade, confidencialidade e conservación dos datos, informacións e servizos que xestionen no exercicio das súas competencias. Como sinala a propia exposición de motivos da lei, trátase de pasar do impulso dos medios electrónicos e informáticos á obriga das administracións de poñer os medios necesarios para permitir que os cidadáns accedan aos seus servizos por medios electrónicos.

Tal como quedou exposto no preámbulo do Real decreto 181/2008, do 8 de febreiro, de ordenación do diario oficial «Boletín Oficial del Estado», os diarios ou os boletíns oficiais non deben permanecer á marxe do novo marco xeral de relación, por vía electrónica, entre os poderes públicos e os cidadáns. Así, o artigo 11.1 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, prevé que estas publicacións, cando se realicen nas sedes electrónicas correspondentes, terán os mesmos efectos que os atribuídos á edición impresa.

Aprobada a nova regulación do «Boletín Oficial del Estado» no real decreto sinalado e no Real decreto 1495/2007, do 12 de novembro, que crea a Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado e aproba o seu estatuto, quedaba pendente a regulación da edición electrónica do «Boletín Oficial del Registro Mercantil» para dar cumprimento ao previsto no artigo 11.1 da Lei 11/2007, do 22 de xuño.

A Lei 19/1989, do 25 de xullo, de reforma parcial e adaptación da lexislación mercantil ás directivas da Comunidade Económica Europea, incorporou ao ordenamento interno a exigencia de publicar nun boletín oficial os actos inscritos nos rexistros mercantís como requisito para a súa oponibilidade a terceiros prevista na Directiva do Consello 68/151/CEE, do 9 de marzo, de 1968. A lei citada modificou o Código de comercio e o «Boletín Oficial del Registro Mercantil» -BORME- atopou a súa sede legal no artigo 21 e a súa sede regulamentaria no artigo 9 do Regulamento do Rexistro Mercantil. Ambos os dous preceptos dispoñen no seu número primeiro que "os actos suxeitos á inscrición só serán oponibles a terceiros de boa fe desde a súa publicación no «Boletín Oficial del Registro Mercantil»", deixando a salvo os efectos propios da inscrición.

O Regulamento do Rexistro Mercantil, aprobado polo Real decreto 1784/1996, do 19 de xullo, conclúe coa regulación do «Boletín Oficial del Registro Mercantil». Ao longo dos nove artigos que compoñen o capítulo V do título IV («Do Rexistro Mercantil Central») regúlanse as dúas seccións en que se estrutura o boletín, a competencia do organismo autónomo Boletín Oficial del Estado - agora Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado-, as condicións da remisión de datos, a emenda de erros e o réxime económico.

Configúrase así o «BORME» como un instrumento de publicidade mercantil en que participan, ademais da Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado, os rexistros mercantís provinciais e o Rexistro Mercantil Central. Este marco básico de competencias complétase no caso do «BORME» coa intervención fundamental do Ministerio de Xustiza e, cun carácter máis específico, da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, en función das amplas competencias que o ordenamento lle recoñece en relación cos rexistros públicos.

A regulación do «Boletín Oficial del Registro Mercantil» prevista no Regulamento do Rexistro Mercantil, que segue vixente, complétase agora coa regulación da edición electrónica.

Pretendeuse manter certo paralelismo co Real decreto 181/2008, do 8 de febreiro, e eludíuse reproducir aquí disposicións que xa figuran no Regulamento do Rexistro Mercantil, así como noutras normas regulamentarias, efectuando as remisións que se consideraron oportunas.

Respecto aos puntos en común co diario oficial do Estado, é fundamental destacar que comparte co Real decreto 181/2008, do 8 de febreiro, a pervivencia da edición impresa para garantir a publicación do boletín cando non resulte posible a aparición da edición electrónica e para os efectos de conservación e pervivencia do diario oficial. Non obstante, as características especiais e a finalidade do «Boletín Oficial del Registro Mercantil» exixiron incorporar disposicións específicas e prescindir doutras. Así, observouse un coidado especial en garantir a correspondencia dos datos que sexan obxecto de publicación coas fontes de que proceden e en articular unhas regras especiais relativas ao tratamento dos datos e á rectificación de erros. E, en fin, prescindíuse de regular o contido do «Boletín Oficial del Registro Mercantil» por estar xa previsto no Regulamento do Rexistro Mercantil.

Por último, a habilitación normativa para o desenvolvemento e execución deste real decreto dítase a favor do ministro de Xustiza e da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia.

Na elaboración deste real decreto foron consultados o Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España, o Consello Xeral do Notariado, o Consello Xeral da Avogacía Española e o Consello Superior de Cámaras de Comercio, Industria e Navegación de España.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza e da ministra da Presidencia, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de novembro de 2008,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto do real decreto.*

1. O obxecto deste real decreto é regular a edición electrónica do «Boletín Oficial del Registro Mercantil».

2. O «Boletín Oficial del Registro Mercantil» publicárase en edición electrónica conforme o previsto neste real decreto, así como na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e na súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 2. *Efectos da publicación.*

1. Ao contido dos actos, anuncios e avisos legais da edición electrónica e da edición impresa do «Boletín Ofi-

cial del Registro Mercantil» recoñeceráselles o carácter e a eficacia xurídica que resultan da lei, do Regulamento do Rexistro Mercantil e das normas que se establecen neste real decreto.

2. A publicación electrónica do «Boletín Oficial del Registro Mercantil» terá os mesmos efectos ca os atribuídos á súa edición impresa.

Artigo 3. *Características.*

1. O «Boletín Oficial del Registro Mercantil» publicarase todos os días do ano, salvo os sábados, domingos e días festivos na localidade onde se edite o boletín.

2. Na cabeceira de cada unha das páxinas do boletín figurarán:

- a) Os logotipos do Ministerio de Xustiza e da Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado.
- b) A denominación «Boletín Oficial del Registro Mercantil».
- c) O número do diario, que será correlativo desde o comezo de cada ano.
- d) A data de publicación.
- e) O número de páxina, que será correlativo desde o comezo de cada ano.

3. No pé da páxina final de cada grupo de actos correspondentes a unha provincia, así como de cada anuncio e aviso legal, incluírase o enderezo da sede electrónica e o código de verificación que permita contrastar a súa autenticidade.

4. A data de publicación dos actos, anuncios e avisos legais será a que figure na cabeceira e en cada unha das páxinas do diario en que se insiran.

Artigo 4. *Competencias.*

1. Correspóndelle ao Rexistro Mercantil Central, baixo a dependencia do Ministerio de Xustiza e ao abeiro do disposto no artigo 18.3 do Código de comercio, a publicación do «Boletín Oficial del Registro Mercantil», nos termos previstos no Regulamento do Rexistro Mercantil e neste real decreto.

2. Correspóndelle á Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado levar a cabo a edición, impresión, publicación e difusión do «Boletín Oficial del Registro Mercantil» nos termos previstos no Regulamento do Rexistro Mercantil, no Real decreto 1495/2007, do 12 de novembro, polo que se crea a Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado e se aproba o seu estatuto, e neste real decreto.

Artigo 5. *Edición impresa.*

1. Ademais da edición electrónica do «Boletín Oficial del Registro Mercantil», existirá unha edición impresa, coas mesmas características e contido.

2. A edición impresa do diario cumpre as seguintes finalidades:

- a) Asegurar a publicación do «Boletín Oficial del Registro Mercantil» cando, por unha situación extraordinaria e por motivos de carácter técnico, non resulte posible acceder á súa edición electrónica.
- b) Manter íntegro o patrimonio documental impreso da Administración xeral do Estado.

3. A edición impresa comprenderá os exemplares necesarios para asegurar a conservación e custodia de polo menos tres exemplares do diario na Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado e na Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, así como os que regulamentariamente se determinen para a súa conservación na normativa que regula o depósito legal.

4. Os exemplares da edición impresa do diario oficial a que se refire o número anterior serán realizados,

conservados e custodiados de maneira que quede garantida a súa perdurabilidade.

CAPÍTULO II

Edición electrónica do «Boletín Oficial del Registro Mercantil»

Artigo 6. *Estrutura da edición electrónica do diario.*

O contido da edición electrónica do «Boletín Oficial del Registro Mercantil» organízase nas seguintes seccións e epígrafes, segundo o previsto no artigo 420 do Regulamento do Rexistro Mercantil, aprobado polo Real decreto 1784/1996, do 19 de xullo:

Sección primeira: empresarios.

Actos inscritos.

Outros actos publicados no Rexistro Mercantil.

Sección segunda: anuncios e avisos legais.

Artigo 7. *Estrutura da sección primeira e as súas epígrafes.*

1. Os actos da sección primeira publicaranse agrupados en bloques, un por cada provincia. Cada bloque comezará páxina no diario electrónico.

2. A orde en que se publicarán estes bloques de actos será a dos códigos postais correspondentes a cada unha das provincias.

Artigo 8. *Estrutura da sección segunda.*

A publicación dos anuncios e avisos legais seguirá a orde alfabética da denominación da empresa a que corresponden. Cada anuncio e aviso legal abrirá unha páxina do diario electrónico.

Artigo 9. *Sede electrónica.*

1. A edición electrónica do «Boletín Oficial del Registro Mercantil» publicarase na sede electrónica da Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado.

2. A edición electrónica do «Boletín Oficial del Registro Mercantil» respectará os principios de accesibilidade e usabilidade, de acordo coas normas establecidas ao respecto, utilizará estándares abertos e, de ser o caso, aqueles que sexan de uso xeneralizado polos cidadáns.

3. A sede electrónica da Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado dotarase das medidas de seguranza que garantan a plena correspondencia coas súas fontes e a integridade dos contidos do diario oficial, así como o acceso permanente a este, con suxeición aos requisitos establecidos no Esquema Nacional de Seguranza previsto no artigo 42 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Artigo 10. *Requisitos da edición electrónica.*

1. O Rexistro Mercantil Central dotarase das medidas de seguranza que garantan a correspondencia entre a información que remiten os rexistros mercantís e a que o Rexistro Mercantil Central recibe e remite á Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado, así como a integridade do seu contido.

A Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado dotarase das medidas de seguranza que garantan a correspondencia entre a información que remite o Rexistro Mercantil Central e a que a axencia recibe e insire no «Boletín Oficial del Registro Mercantil», así como a integridade do seu contido.

2. A edición electrónica do «Boletín Oficial del Registro Mercantil» deberá incorporar sinatura electrónica avanzada como garantía da autenticidade, integridade e

inalterabilidade do seu contido. Os cidadáns poderán verificar o cumprimento destas exixencias mediante aplicacións estándar ou, de ser o caso, mediante as ferramentas informáticas que proporcione a sede electrónica da Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado.

3. Correspóndelle á Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado:

a) Garantir a integridade e inalterabilidade dos contidos da edición electrónica do «Boletín Oficial del Registro Mercantil», así como a correspondencia coas súas fontes.

b) Custodiar e conservar a edición electrónica do «Boletín Oficial del Registro Mercantil».

c) Velar pola accesibilidade da edición electrónica diaria do «Boletín Oficial del Registro Mercantil» e a súa permanente adaptación ao progreso tecnolóxico.

d) Garantir a seguranza e confidencialidade dos datos que figuren nos seus ficheiros, sistemas e aplicacións.

4. A Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado publicará na súa sede electrónica as prácticas e procedementos necesarios para a efectividade do previsto neste artigo.

CAPÍTULO III

Acceso ao «Boletín Oficial del Registro Mercantil»

Artigo 11. *Acceso á edición electrónica.*

1. A Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado garantirá, a través de redes abertas de telecomunicación, o acceso universal e gratuíto á edición electrónica diaria do «Boletín Oficial del Registro Mercantil».

2. A edición electrónica do «Boletín Oficial del Registro Mercantil» deberá estar accesible na sede electrónica da Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado na data que figure na cabeceira do diario, salvo que iso resulte imposible por circunstancias extraordinarias de carácter técnico.

Artigo 12. *Consulta da edición electrónica do «Boletín Oficial del Registro Mercantil».*

1. Os cidadáns poderán consultar dun modo libre e gratuíto o «Boletín Oficial del Registro Mercantil» no seu formato electrónico referenciado por días, incluíndo todos os publicados desde o comezo da edición electrónica daquel. Este acceso comprenderá a posibilidade de busca e exame do seu contido, así como a posibilidade de arquivo e impresión, tanto do diario completo de que se trate coma dos actos, anuncios ou avisos legais que o compoñan.

2. En todas as oficinas de información e atención ao cidadán das administracións públicas se facilitará a consulta pública e gratuíta do «Boletín Oficial del Registro Mercantil» no seu formato electrónico. Con ese fin, en cada unha destas oficinas existirá polo menos un terminal informático, a través do cal se poderán realizar buscas e consultas do contido do diario. As mencionadas oficinas deberán facilitarlles ás persoas que o soliciten unha copia impresa dos actos, anuncios ou avisos legais que requiran, ou do diario completo, mediante, se é o caso, a contraprestación que proceda.

Artigo 13. *Asistencia aos cidadáns.*

1. A Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado ofrecerá un servizo gratuíto de asistencia aos cidadáns na busca da información contida no «Boletín Oficial del Registro Mercantil» e facilitaralles, cando así o soliciten,

unha copia impresa total ou parcial do contido do diario ou diarios de que se trate mediante a contraprestación que regulamentariamente se estableza.

2. A edición electrónica do «Boletín Oficial del Registro Mercantil» terá as condicións de accesibilidade necesarias para a súa consulta polas persoas maiores e persoas con discapacidade.

CAPÍTULO IV

Procedemento de publicación

Artigo 14. *Remisión de documentos.*

1. Os actos destinados á publicación na sección primeira do «Boletín Oficial del Registro Mercantil» remitiranse ao Rexistro Mercantil Central á Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado en formato electrónico, de acordo coas garantías, especificacións e modelos que establezan a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, o Rexistro Mercantil Central e a Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado.

2. Os anuncios e avisos legais a que se refire o artigo 422.2 do Regulamento do Rexistro Mercantil, destinados á publicación na sección segunda do «Boletín Oficial del Registro Mercantil», remitiranse directamente á Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado en formato electrónico, ou excepcionalmente en formato papel, de acordo cos modelos que figurarán na sede electrónica da axencia.

Artigo 15. *Tratamento dos datos obxecto de publicación.*

1. Unha vez recibidos no Rexistro Mercantil Central os datos remitidos polos rexistros mercantís, procederase ao seu tratamento e verificación para os efectos da súa incorporación ao sistema informático (base de datos-sección informativa de actos sociais inscritos) daquel e a súa remisión para a súa publicación no «Boletín Oficial del Registro Mercantil».

2. Diariamente, salvo causas técnicas xustificadas, o rexistrador mercantil central remitiralle á Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado o arquivo electrónico que conteña os datos enviados polos rexistros mercantís para a súa publicación. Na base de datos do sistema informático do Rexistro Mercantil Central correspondente aos actos sociais inscritos farase constar a data e o número do boletín en que se publicaron eses datos.

3. Soamente serán obstáculos que impidan a incorporación dos datos remitidos ao sistema informático do Rexistro Mercantil Central e a súa publicación no «Boletín Oficial del Registro Mercantil» a imposibilidade de ler o arquivo informático que os conteña, a omisión das circunstancias previstas no Regulamento do Rexistro Mercantil e a existencia de erros materiais postos de manifesto ao cruzalos cos existentes no sistema informático do Rexistro Mercantil Central.

4. A Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado non poderá anticipar información acerca dos actos, anuncios e avisos legais que reciba para a súa publicación no «Boletín Oficial del Registro Mercantil».

5. Os actos, anuncios e avisos legais serán inseridos no «Boletín Oficial del Registro Mercantil» nos mesmos termos en que fosen recibidos e só se poderán modificar con autorización do seu remitente.

Artigo 16. *Rectificación de erros.*

1. Para rectificar os posibles erros nos datos contidos nos arquivos electrónicos remitidos polos rexistros mer-

cantís e advertidos antes da súa publicación, o rexistrador mercantil central deberá obter a conformidade previa documentada do titular en cuxo rexistro se inscribise a persoa ou a entidade a que os datos se refiran.

A falta de acordo entre os rexistradores sobre a procedencia da rectificación será resolta, por solicitude de calquera deles, pola Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado.

2. A emenda de erros advertidos na sección primeira do «Boletín Oficial del Registro Mercantil», unha vez efectuada a publicación, faraa o rexistrador mercantil central. Este actuará por instancia do rexistrador mercantil correspondente, por si ou por petición de calquera interesado, e remitiralle á Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado, en formato electrónico, a oportuna rectificación na cal, logo de conformidade do rexistrador mercantil, de ser o caso, se indicará o erro observado, o número e a data do boletín en que se fixo a publicación incorrecta e os datos correctos que se deban publicar.

3. O propio organismo editor poderá efectuar a corrección de erratas ou de discordancias entre o texto remitido e o texto publicado.

Artigo 17. *Réxime económico.*

1. A publicación de actos e anuncios no «Boletín Oficial del Registro Mercantil» está suxeita ao pagamento da correspondente taxa, de acordo co disposto na Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público, no Estatuto da Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado, aprobado polo Real decreto 1495/2007, do 12 de novembro, e no Regulamento do Rexistro Mercantil.

2. O procedemento de xestión da taxa por publicación dos actos da sección primeira establecerano conxuntamente o Ministerio de Xustiza, o Ministerio de Economía e Facenda e a Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado.

3. O procedemento de xestión da taxa por publicación dos anuncios e avisos legais da sección segunda establecerao a Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado.

Disposición adicional única. *Subscrición de convenios de colaboración.*

Poderanse subscribir convenios de colaboración entre o Ministerio de Xustiza, a Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado e as comunidades autónomas, as cámaras oficiais de comercio e os colexios profesionais para a instalación de terminais informáticos que lles permitan aos cidadáns realizar buscas e consultas no «Boletín Oficial del Registro Mercantil».

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

Autorízanse o ministro de Xustiza e a vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia para que diten cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do previsto neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2009.

Dado en Madrid o 28 de novembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

19916 *ORDE EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.* («BOE» 297, do 10-12-2008.)

O artigo 167.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, encomenda ao Ministerio de Economía e Facenda o establecemento, con carácter xeral, da estrutura dos orzamentos das entidades locais, tendo en conta a natureza económica dos ingresos e dos gastos, así como as finalidades ou obxectivos que con estes últimos se propoñan conseguir.

Por outra parte, a disposición adicional sexta daquela lei establece que o Ministerio de Economía e Facenda modificará tanto as estruturas dos orzamentos das entidades locais como os criterios de clasificación a que fai referencia o mencionado artigo 167, co obxecto de adaptalos aos establecidos para o sector público estatal en cada momento.

A estrutura orzamentaria e os criterios de clasificación actualmente vixentes recóllense na Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 20 de setembro de 1989, que resultou ser de aplicación obrigatoria para os orzamentos correspondentes aos exercicios iniciados a partir do 1 de xaneiro de 1992.

Desde ese ano producíronse múltiples modificacións non só na primixenia Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, senón tamén no marco orzamentario da Administración do Estado.

No contexto anterior deben destacarse a Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei reguladora das facendas locais, que introduciu importantes modificacións no ámbito tributario, así como no financeiro, coa definición dun novo modelo de participación das entidades locais nos tributos do Estado, incluíndo elementos de cesión de determinados rendementos recadatorios de impostos estatais (IRPF, IVE e impostos especiais sobre fabricación) no caso das provincias e de municipios significados ben pola súa poboación (igual ou superior a 75.000 habitantes), ben polo seu carácter de capitalidade (de provincia ou de comunidade autónoma). Debe salientarse así mesmo a reforma que na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, supuxo a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

Na súa aplicación aos orzamentos das entidades locais é relevante a Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, e a súa reforma instrumentada mediante a Lei 15/2006, do 26 de maio.

Así mesmo, é preciso recordar que a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, no seu artigo 15 impón ás administracións públicas, e, por tanto, ás entidades locais, a obriga de integrar, de forma activa, na definición e fixación de orzamentos das súas políticas públicas en todos os ámbitos o principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes.

Por último, e xa con incidencia específica no marco orzamentario aplicable á Administración do Estado, débense ter en conta a Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, cuxos artigos 39 a 41 establecen os criterios que deben rexer a estrutura dos orzamentos xerais do Estado, e cuxa entrada en vigor se produciu, para estes efectos, cos correspondentes ao ano 2005 (disposición derradeira quinta da Lei 47/2003, do 26 de novembro, citada). Esta estrutura foi aprobada mediante a